

PRO FESO RADO EN FOLGA



#HORARIOS
#RATIOS
#BUROCRACIA

24
outubro

Manifestación nacional en Compostela
24 outubro / 12 h / Praza de Cervantes

Razóns para a folga do 24 de outubro

Por que é precisa a mobilización polos nosos dereitos?

As formas: un trágala disfrazado de negociación

Logo de anos mostrando que o profesorado está farto e abafado pola burocracia, a negociación que deu lugar ao acordo asinado por CCOO, ANPE e UGT foi un teatro:

Inicio: pártese dunha proposta insultante e que non incorpora un dos temas centrais, a recuperación do horario lectivo do profesorado.

Trama: a Consellaría fai que vai cedendo levemente, os demais sindicatos entran a ese xogo e a CIG-Ensino négase e anuncia que non negociará se non se incorpora o tema da redución do horario lectivo.

Desenlace: a Consellaría introduce a cuestión do horario mais dun xeito inasumíbel, sen recuperar integramente o horario das 21 horas no corpo de mestres e sen incorporar nada do resto. Marca a chantaxe para que exista coartada: se non se asina non hai garantía de que se aplique.

Pano de fondo: fíxose todo nun tempo récord e supeditado ao calendario electoral que lle interesa ao PP e a Rueda.

É dicir, **o profesorado foi empregado como refén** de intereses partidistas do PP e duns sindicatos que prefiren renunciar á mobilización e deixar tirado ao profesorado nas reclamacións que até hai 10 meses estaban nos programas das eleccións sindicais e que na propia negociación se trazaron como **liñas vermellas**, unhas liñas que ao final foron unha **inmensa alfombra vermella** para o acordo.

O fondo: desmontando as renuncias e reforzando a mobilización.

Por que a CIG-Ensino dixo non?

Horario

O acordo pecha toda posibilidade de chegar ás 21 horas en Infantil e Primaria.

Pechar unha negociación dicindo que xa se negociará despois outra vez é un insulto á intelixencia. A Consellaría dixo por activa e pasiva que non aparecería no texto nin sequera a redución a 19 horas en secundaria e cumpriu a súa palabra. Déixase sen ningunha mellora ao 60% do profesorado.

Ningún dos asinantes, administración ou sindicatos, quixeron sequera considerar a proposta da CIG-Ensino de adoptar medidas compensatorias con aquelas etapas educativas que imparten máis tempo de docencia (porque as sesións son todas de 60 minutos).

Ratios

Non se adquire o compromiso de levar a un texto normativo as novas ratios para darlle carácter de máximos, co mesmo carácter que as actuais.

Queda indefinidamente aberta a porta á “excepcionalidade” por falta de espazo nun centro para aumentar as ratios.

É escandaloso que como compensación a esa excepcionalidade se fale de incorporar UN ou UNHA mestra de PRIMARIA en total nun centro educativo.

O calendario de redución está pensado para acompañarse coa propia caída da matrícula, estendendo até 9 anos a aplicación en Primaria. Tan só o calendario de Infantil (3 anos) pode cualificarse como razoábel.

A partir do curso 2026/27 comezaría supostamente a negociación da aplicación dun calendario de redución na ESO e no Bacharelato. De seguir o proceso de agardar a que remate primaria, non habería redución completa na ESO até o curso 36/37 e no Bacharelato até o 38/39.

Nin FP, dá igual a modalidade ou se é FP Básica, nin as ensinanzas de réxime especial terán ningunha redución de ratios.

Burocracia

A Consellaría vende a mesma idea tres veces e hai quen lla compra. O conselleiro xa anunciou en febreiro de 2023, nunha reunión coa Executiva da CIG-Ensino, que ía crear un grupo de traballo para ver de reducir a burocracia; volveu dicilo a comezos de setembro e incorporouno no texto do acordo.

Non se incorpora a redución de horas lectivas para o profesorado en función da carga burocrática que asuman (direccións, coordinacións, titorías...).

Non se acepta o aumento de persoal administrativo.

Atención á diversidade

Un apartado que introduce melloras sobre a situación actual (especialmente no caso de Infantil e Primaria) como é o cómputo do alumando repetidor na ratio ou o cómputo dobre ou triplo de alumando con discapacidade, dependencia ou trastornos graves da conduta, resulta insuficiente porque non ten en conta tipoloxías de necesidades educativas que non teñan ese recoñecemento oficial e requirisen igualmente unha menor ratio. A CIG-Ensino propuxo que fose a solicitude dos departamentos de Orientación co informe vinculante dos Equipos de Orientación Específicos os que se tivesen en conta para reducir ratios.

Retribucións

Os cartos usáronse como noutros acordos (sen ir máis lonxe, o do 2018): para comprar vontades e para negar melloras laborais. Mais nesta ocasión dun xeito peor: dividindo o profesorado e negando que a maioría puidese ter unha suba digna.

O único incremento que cobrará todo o profesorado será o de 10,64€ (en dous anos) de incremento na titoría

A proposta da CIG-Ensino consistía en dividir dun xeito lineal entre todo o profesorado o diñeiro total que a Xunta ía poñer enriba da mesa. Esta medida implicaría, segundo cálculos da CIG partindo de cifras oficiais, unha suba de 81€ para todo o profesorado sen excepción.

Todas á folga o 24 de outubro